



D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 26 de xullo de 2019**, adoptou o seguinte acordo:

37.- ADECUACIÓN DA ESTRUTURA ORGANIZATIVA VINCULADA Á EXECUCIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE INTEGRADO (EDUSI) DO CONCELLO DE VIGO, DENOMINADA “VIGO VERTICAL”, EN BASE Á NOVA CONFIGURACIÓN DA NOVA ORGANIZACIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 3702/440

Dáse conta do informe-proposta do 23/07/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe da Área de Inversións, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado da Área de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 12 de xullo de 2018, adoptou o seguinte acordo en relación ao CAMBIO DA TITULARIDADE DO RESPONSABLE DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE INTEGRADO (EDUSI) DO CONCELLO DE VIGO, DENOMINADA “VIGO VERTICAL”, COFINANCIADA MEDIANTE O PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMENTO SUSTENTABLE 2014-2020, EN EXECUCIÓN DA ORDE HAP/2427/2015, DE 13 DE NOVEMBRO. EXPTE. 3702/440

Tomar coñecemento os efectos do “nomeamento como responsable da estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado denominada ESTRATEXIA DUSI VIGO VERTICAL, a efectos de coordinación, seguimento, e notificacións oficiais, así como en relación as obrigas para desenvolver o “Manual de Procedementos no cal se documentarán todos os aspectos e procesos que permitan ao Concello de Vigo cumprir coas súas obrigas” o cambio efectuado ao fronte da 2º Tenencia de Alcaldía e do Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, a favor de D. FRANCISCO JAVIER PARDO ESPÍÑEIRA, de acordo coas resolución da Alcaldía de data 09/07/2018.

2.- Por resolución do Alcalde de data 6/07/2018, se procedeu a designación do responsable da UNIDADE DE XESTIÓN DA EDUSI VIGO VERTICAL, a cal indica:

Primeiro: Designar como órgano responsable da unidade de xestión do Concello de Vigo no proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, como Organismo Intermedio unicamente aos efectos da selección de operacións a D. Jaime Aneiros Pereira Concelleiro da Area de Orzamentos e Facenda, o cal cumpre coa condición derivada do principio de separación de funcións, xa que nas súas funcións atópanse perfectamente separadas das concellarías ou áreas da Entidade, que sexan responsables de iniciar, ou de iniciar e executar as operacións (Unidades Executoras).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/08/2019 09:11	Páxina 1 de 4
Expediente 3702/440	CSV: 24E6C2-358427-E9298D-6HE1TG-X49QUJ-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo: Encomendar a D. Jaime Aneiros Pereira Concelleiro da Area de Orzamentos e Facenda, como órgano responsable da unidade de xestión do Concello de Vigo no proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, como Organismos Intermedio unicamente aos efectos da selección de operacións, a competencia para materializar o acto de selección das operacións mediante a aprobación da mesma a través do sistema que indique o Organismo Intermedio de Xestión, debendo formalizar a selección mediante un acto no que se recollan as condicións da axuda (DECA), requisitos, plan financeiro e calendario, de acordo co artigo 125 (3) c) do RDC, que será debidamente notificado á unidade executora.

3.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de xuño de 2017, adoptou o seguinte acordo:

Tomar coñecemento da estrutura organizativa prevista no Manual de Procedementos que se consigna no apartado 10 da parte expositiva do presente acordo.

Dito apartado indica como Concelleiros responsables dos obxectivos temáticos:

1.- Concelleiros responsable de obxectivos temáticos: Como Concelleiros responsables de cada unha destas áreas e coa función de outorgar conformidade ás solicitudes de operacións emitidas, proponse:

- o Concelleiro Responsable OT2 – O Concelleiro da Área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica. D. Javier Pardo Espiñeira
- o Concelleiro Responsable OT4 e OT6 – o Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da área de Fomento, Limpeza e Contratación, D. David Regades Fernández.
- o Concelleiro Responsable OT9 – O Concelleiro da Área de Emprego, Economía, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

4.- Con motivo da constitución o día 15 de xuño do 2019 da nova Corporación Municipal do Concello de Vigo, xurdida tras das eleccións do 26 de maio do 2019, esta Alcaldía-Presidencia ditou Resolución o 18 de xuño do 2019 estruturando as novas áreas de Goberno municipal e delegando nelas as competencias xerais, imprescindibles para o funcionamento desta administración municipal.

- 1.- M.^a CARMEN SILVA REGO. Tenente de Alcalde e Área de Patrimonio Histórico.
- 2.- FRANCISCO JAVIER PARDO ESPÍÑEIRA. Tenente de Alcalde e Área de Fomento e Servizos.
- 3.- ELENA ESPINOSA MANGANA. Tenente de Alcalde e Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal
- 4.- M.^a JOSÉ CARIDE ESTÉVEZ. Tenente de Alcalde e Área de Urbanismo.
- 5.- ABEL LOSADA ÁLVAREZ. Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
- 6.- ANA M.^a MEJÍAS SACALUGA. Área de I+D e Dinamización Administrativa.
- 7.- JAIME ANEIROS PEREIRA. Área de Orzamentos e Facenda.
- 8.- YOLANDA AGUIAR CASTRO. Área de Política de Benestar Social e Cíes Patrimonio da Humanidade.
- 9.- JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ. Área de Deportes.
- 10.- PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO. Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal.
- 11.- NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. Área de Medio Ambiente e Vida Saudable.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 29/08/2019 09:11 Páxina 2 de 4

Expediente 3702/440

CSV: 24E6C2-358427-E9298D-6HE1TG-X49QUJ-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



- 12.- GORKA GÓMEZ DÍAZ. Área de Educación e Xuventude.
- 13.- ÁNGEL RIVAS GONZÁLEZ. Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais.
- 14.- UXÍA DOLORES BLANCO IGLESIAS. Area de Igualdade e Normalización Lingüística.
- 15.- M.^a CARMEN LAGO BARREIRO. Área de Festas e Turismo.

A vista da citada resolución e de acordo co novo Decreto de delegación de competencias (2019-2023) da alcaldía nos concelleiros e concelleiras delegados e delegadas de área" asinada polo Alcalde con data 26 de xuño de 2019 e necesario ter en conta que na mesma indicase no punto Sexto.-"Deixar sen efecto calquera Resolución anterior ditada pola Alcaldía sobre delegacións de atribucións en Concelleiros/as, agás aquelas que non resulten contraditorias coa presente e mantendo a vixencia das delegacións especiais que continúen vixentes."

II.- Propostas para adecuar os cambios nas competencias dos Concelleiros e Concelleiras da nova corporación municipal do Concello de Vigo en relación a estrutura organizativa da EDUSI VIGO VERTICAL:

Atendendo a nova estrutura organizativa municipal derivada das resolucións da Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019, e co obxecto de manter a mesma organización para o desenvolvemento da EDUSI VIGO VERTICAL indicada no propio manual de procedementos aprobado, procede propoñer:

1.- En relación ao nomeamento do responsable da estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado denominada ESTRATEXIA DUSI VIGO VERTICAL, a efectos de coordinación, seguimento, e notificacións oficiais, así como en relación as obrigas para desenvolver o "Manual de Procedementos no cal se documentarán todos os aspectos e procesos que permitan ao Concello de Vigo cumprir coas súas obrigas", corresponde de acordo a nova estrutura da corporación a D. FRANCISCO JAVIER PARDO ESPÍÑEIRA. como Tenente de Alcalde e Área de Fomento e Servizos.

2.- En relación ao ÓRGANO RESPONSABLE DA UNIDADE DE XESTIÓN, se mantén vixente a delegación especial por resolución do Alcalde de data 06/07/2018, na cal se designou como órgano responsable da unidade de xestión do Concello de Vigo no proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, como Organismo Intermedio unicamente aos efectos da selección de operacións a D. Jaime Aneiros Pereira Concelleiro da Area de Orzamentos e Facenda.

3.- En relación coa estrutura organizativa recollida no MANUAL DE PROCEDEMENTOS, sobre os Concelleiros responsables dos obxectivos temáticos, e necesario realizar unha adecuación dos mesmos de acordo coa nova estrutura municipal, sen que a mesma supoñan ningunha alteración a actual, xa que unicamente procede adecuar a estrutura dos novos Concelleiros e Concelleiras do Goberno Municipal, quedando a mesma do seguinte modo:

1.- Concelleiros responsable de obxectivos temáticos: Como Concelleiros responsables de cada unha destas áreas e coa función de outorgar conformidade ás solicitudes de operacións emitidas, propónse:

- Concelleiro Responsable OT2 – Será o Concelleiro que ostente a competencia de xestión do "servizo de administración electrónica", que na actualidade e de acordo co decreto de delegación de competencias do Alcalde de Vigo de data 26/06/2019, lle



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/08/2019 09:11	Páxina 3 de 4
Expediente 3702/440	CSV: 24E6C2-358427-E9298D-6HE1TG-X49QUJ-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

corresponde a: "Patricia Rodríguez Calviño, como Concelleira a Are de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal".

- Concelleiro Responsable OT4 e OT6 – Será o Concelleiro que ostente a competencia de xestión da "Area de Fomento", que na actualidade e de acordo co decreto de delegación de competencias do Alcalde de Vigo de data 26/06/2019, lle corresponde a: Francisco Javier Pardo Espiñeira, como Tenente de alcalde e Concelleiro da Area de fomento e servizos.

- Concelleiro Responsable OT9 – Será o Concelleiro que ostente a competencia de xestión do "Servizo de emprego", que na actualidade e de acordo co decreto de delegación de competencias do Alcalde de Vigo de data 26/06/2019, lle corresponde a: "Abel Losada Álvarez, como Concelleiro da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá".

A vista de todo o exposto, e de acordo co propio contido do Manual de Procedementos, procede dar conta á Xunta de Goberno Local das actuacións que van ditas polo que se propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento da proposta de adecuación da estrutura organizativa vinculada a execución da estratexia de desenvolvemento urbano sustentable integrado (EDUSI) do Concello de Vigo, denominada "VIGO VERTICAL", en base a nova configuración da nova organización municipal que se indica no apartado expositivo do presente acordo:

Segundo.- Dese conta do acordo a Subdirección Xeral de Desenvolvemento Urbano dependente da Secretaria de Estado de Orzamentos e Gastos do Ministerio de Facenda, na súa calidade Organismo Intermedio de Xestión, os efectos oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade á precedente proposta.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Alvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 29/08/2019 09:11

Páxina 4 de 4

Expediente 3702/440

CSV: 24E6C2-358427-E9298D-6HE1TG-X49QUJ-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>